



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de novembro de 2021 (1105/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día dezanove de outubro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1038).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(1039).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CAMELOS E AGASALLOS PARA A CABALGATA DE REIS 2022 E A VISITA DOS REIS A CENTROS SANITARIOS. EXPTE. 9005/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 19/11/2021, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 11 de Outubro de 2021 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadana e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do **subministro de caramelos** para a Cabalgata de Reis 2022 e **e agasallos** para a Visita dos Reis a centros sanitarios e asistenciais, mediante tramitación **ordinaria**. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 10/10/2021 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 11 de outubro de 2021
- Memoria económica, de data 18 de Novembro de 2021
- Documento económico, de data 2 de Novembro de 2021
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 18 de Novembro de 2021
- Memoria xustificativa, de data 19 de Novembro de 2021, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da división do contrato en 2 lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salariais exercicio 2021.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).



Concello de Vigo

- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 19 de Novembro de 2021
- Prego de cláusulas administrativas do 19 de Novembro de 2021

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, **proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato do **subministro de caramelos** para a Cabalgata de Reis 2022 e **e agasallos** para a Visita dos Reis a centros sanitarios e asistenciais.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de Novembro de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 19 de Novembro de 2021 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **41.382,00 € euros**, sendo o valor estimado do contrato de **34.200,00 €** con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 “Cabalgata de Reis”

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1040).- PROPOSTA DE REANUDACIÓN DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO 2018-2020 COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 8025/104.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/11/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Orden TMA/254/2020, de 18 de marzo, pola que se ditan instrucións en materia de transporte por carreteira e aéreo.
- Orde INT/270/2020, de 21 de marzo, pola que se establecen criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes no imprescindibles desde terceiros países á UE e países asociados Schengen por razóns de orden público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Orden TMA/273/2020, de 23 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 14 de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) aprobou o expediente de contratación do contrato administrativo especial de “Promoción turística da cidade de Vigo 2018-2020” (expediente 7087-104), autorizou o gasto e acordou abrir o procedemento de adxudicación.

Segundo.- En data 20 de xuño de 2018, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 3.253.154 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 564.597 euros.*
- b) Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de Londres:*
 - 1.800 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
- c) Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de París:*



Concello de Vigo

- 1.800 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)
 - 9.300 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)
 - 9.300 prazas para o ano 2020 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)
- d) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de Sevilla:*
- 4.400 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)
 - 4.400 prazas para o ano 2020 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)
- e) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de Valencia:*
- 4.200 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)
 - 13.000 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)
 - 13.100 prazas para o ano 2020 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este contrato formalizouse o 16 de xullo de 2018, iniciándose a prestación ao día seguinte.

Terceiro.- Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Cuarto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Quinto.- A Orde INT/270/2020, de 21 de marzo, estableceu criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles desde terceiros países á UE e países asociados Schengen por razóns de orden público e saúde pública con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Sexto.- A Orden TMA/273/2020, de 23 de marzo, ditou instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros.

Sétimo.- O Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dous apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Oitavo.- En data 26 de maio de 2020, D. Alberto José Herrero Pons, en representación de AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U. (en adiante AIR NOSTRUM), empresa adxudicataria do contrato de promoción turística de cidade de Vigo 2018-2020 (7.087-104) por acordo da Xunta de Goberno local do 4 de xuño de 2018, presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude de declaración de imposibilidade de execución deste contrato consecuencia do coronavirus COVID-19.

Noveno.- En data 17 de xullo de 2020, a XGL acordou:

“1º.-Denegar a solicitude de suspensión do contrato de promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (expediente 7.087-104), solicitada por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U., en escrito de data 25 de maio de 2020, por non concorrer as circunstancias esixidas no artigo 34.1 do RD-L 8/2020.

2º.- Recoñecer a imposibilidade de execución do citado contrato como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19, e ampliar o prazo execución do contrato por un período igual ó tempo perdido polos motivos mencionados, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan esta imposibilidade e acredite que está en condicións de reanudar a execución do contrato, previo informe favorable do responsable do mesmo.

3º.- Aceptar a renuncia a indemnización de danos e prexuízos formulada por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U.”

Décimo.- En data 29 de outubro de 2021 a compañía Air Nostrum presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (documento nº 210218991) presenta escrito solicitando a reanudación da execución do contrato *“a partir del 17 de diciembre de 2021 por un periodo de nove meses e medio ata o el 30 de setembro de 2022 cumprindo coa ampliación de prazo de execución do contrato acordada polo Concello de Vigo”*, e a modificación do mesmo.

Undécimo- En data 29 de outubro de 2021, a técnica de Turismo coa conformidade da Concelleira delegada da área de Turismo informou o seguinte:

“INFORME PROPOSTA DE SOLICITUDE DE REANUDACIÓN E MODIFICACIÓN DO CONTRATO

*En data 29 de outubro de 2021 a compañía Air Nostrum presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Doc Nº 210218991) **solicitude de reanudación da execución do contrato**, que se concreta nos seguintes termos:*

*1.-“Reanudar los servicios del contrato **a partir del 17 de diciembre de 2021** por un periodo de nueve meses y medio (9,5 meses), hasta el 30 de septiembre de 2022, cumpliendo con ello la ampliación del plazo de ejecución del contrato acordada por el Concello de Vigo.*



Concello de Vigo

2.-Prestar los servicios objeto del contrato en base a la propuesta de reanudación de prestaciones pendiente de ejecución “

Polo exposto, a compañía adxudicataria do contrato solicita:

1.-REANUDACIÓN DO CONTRATO

A reanudación do contrato está condicionada ás seguintes consideracións:

- 0.a Que cesen as circunstancias que determinaron a imposibilidade de ejecución.*
- 0.b Que AIR NOSTRUM acredite que está en condicións de reanudar a ejecución do contrato, mediante la presentación en tempo e forma da solicitude pertinente.*

De acordo coa solicitude presentada pola compañía:

- 1. AIR NOSTRUM xustifica o cese das circunstancias que determinaron a imposibilidade de ejecución do contrato, destacando a Recomendación (UE) 2020/912 do Consello, de 30 de xuño, sobre a restrición temporal das viaxes non esenciais á Unión Europea e o posible levantamento de dita restrición. Así como a Orde INT/1005/2021, de 24 de setembro, pola que se modifica a Orden INT/657/2020, de 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restrición temporal de viaxes non imprescindibles dende terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde público saúde pública co motivo da crise sanitaria ocasionada por la COVID-19.*
- 2. AIR NOSTRUM manifesta estar en condicións de reanudar a ejecución do contrato, e propón a reanudación do mesmo dende o 17 de decembro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022, polo período de nove meses e medio, de acordo co disposto na certificación de Xunta de Goberno Local de data 17 de xullo pola que se acorda a AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO 2018-2020 COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 6483/241.*

A proposta de reanudación do contrato a partir do 17 de decembro resulta de interese pois reactiva a campaña de promoción turística referida no contrato e reforza a campaña de promoción turística ao produto “Vigo Nadal”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

NATUREZA DO CONTRATO E LEGISLACIÓN APLICABLE

O contrato de promoción turística de cidade de Vigo 2018-2020 (expediente 7.087-104) adxudicouse a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U., por acordo da Xunta de Goberno local do 4 de xuño de 2018.

Formalizouse o 16 de xullo de 2018, iniciándose a prestación ao día seguinte. O prazo contractual rematará o 31 de decembro de 2020.

Este contrato, de natureza administrativa, cualifícase como administrativo especial na cláusula 2 do PCAP.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Se ben este artigo non regula expresamente a suspensión dos contratos administrativos especiais. No entanto, esta Administración, acordou aplicar esta norma por analoxía, consonte ao previsto no artigo 4 do CC dado que a postre,



Concello de Vigo

trátase dun contrato administrativo celebrado por unha entidade do sector público. Determina esta norma que *“Procederá la aplicación analógica de las normas cuando éstas no contemplen un supuesto específico, pero regulen otro semejante entre los que se aprecie identidad de razón”*. E xustificouse esta aplicación analóxica ampándose en que tratábase dunha situación extraordinaria motivada pola declaración do estado de alarma polo RD 463/2020 para a cal os poderes lexislativo e executivo ditaron unha normativa específica de aplicación preferente ós supostos de feito regulados pola mesma. Neste senso, a Avogacía do Estado, na *“Consulta sobre la interpretación y aplicación del artículo 34 del Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo”*, de data 1 de abril de 2020, di que *“se trata de una norma excepcional, dictada para hacer frente a una situación que también lo es”* (apartado 2.6 do fundamento xurídico II).

E como di o artigo 3.1 do CC *“Las normas se interpretarán según el sentido propio de sus palabras, en relación con el contexto, los antecedentes históricos y legislativos y la realidad social del tiempo en que han de ser aplicadas, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad de aquellas”*. Tal e como determina a Exposición de motivos do RD-L 8/2020 *“Ante la situación de emergencia de salud pública y pandemia internacional, el Gobierno adoptó el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. La contención de la progresión de la enfermedad supone limitaciones temporales a la libre circulación junto con la reducción de la oferta laboral debido a las medidas de cuarentena y contención. Estas circunstancias se traducen en una perturbación conjunta de demanda y oferta para la economía española, que afectará a las ventas de las empresas, generando tensiones de liquidez que podrían derivar en problemas de solvencia y pérdida de empleos si no se adoptan medidas urgentes de estabilización. En este contexto, la prioridad absoluta en materia económica radica en proteger y dar soporte al tejido productivo y social para minimizar el impacto y lograr que, una vez finalizada la alarma sanitaria, se produzca lo antes posible un rebote en la actividad. las medidas adoptadas en este real decreto-ley están orientadas a un triple objetivo. Primero, reforzar la protección de los trabajadores, las familias y los colectivos vulnerables; segundo, apoyar la continuidad en la actividad productiva y el mantenimiento del empleo; y tercero, reforzar la lucha contra la enfermedad”*. É fácil deducir que a intención do lexislador era aplicar a normativa específica ditada durante o estado de alarma ás situacións xeradas pola mesma para minimizar o seu impacto no tecido produtivo do país, no emprego e nas familias.

Toda vez que as circunstancias mudaron, AIR NOSTRUM solicita a reanudación do contrato. Informa ao respecto o servizo xestor que *“AIR NOSTRUM justifica o cese das circunstancias que determinaron a imposibilidade de execución do contrato, destacando a Recomendación (UE) 2020/912 do Consello, de 30 de xuño, sobre a restricción temporal das viaxes non esenciais á Unión Europea e o posible levantamento de dita restricción. Así como a Orde INT/1005/2021, de 24 de setembro, pola que se modifica a Orden INT/657/2020, de 17 de xullo, pola que se modifican os criterios para a aplicación dunha restricción temporal de viaxes non imprescindibles dende terceiros países á Unión Europea e países asociados Schengen por razóns de orde público saúde pública co motivo da crise sanitaria ocasionada por la COVID-19.*

AIR NOSTRUM manifesta estar en condicións de reanudar a execución do contrato, e propón a reanudación do mesmo dende o 17 de decembro de 2021 ata o 30 de

setembro de 2022, polo período de nove meses e medio, de acordo co disposto na certificación de Xunta de Goberno Local de data 17 de xullo pola que se acorda a **AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO 2018-2020 COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 6483/241**".

En consecuencia e, de conformidade cos informes obrantes no expediente, procede acordar a reanudación da execución do contrato "dos servizos da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (expediente 7.087-104) como consecuencia do control e normalización da crise sanitaria xerada polo Coronavirus Covid-19, e unha vez que melloraron e cesaron as circunstancias que determinaron a imposibilidade de execución do mesmo.

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

"Aprobar a reanudación da execución da prestación do contrato da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (expediente 7.087-104) dende o 17 de decembro de 2021 por canto, tal e como se expón no fundamento xurídico II, cesaron as circunstancias que determinaron a imposibilidade de execución do mesmo."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1041).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE "PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO 2018-2020". EXPTE. 6680/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/11/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a letrada xefa de Asesoramento e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de "Promoción turística de cidade de Vigo 2018–2020" (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de "Promoción turística de cidade de Vigo 2018–2020" (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.– Na sesión do 14 de maio de 2018 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación de "Promoción turística da cidade de Vigo 2018–2020" (expediente 7087–104), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.– O 20 de xuño de 2018 a XGL adoptou o seguinte acordo:

"Adxudicar a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018–2020 (7.087–104) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 3.253.154 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 564.597 euros.*
- b) Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de Londres:*
 - *1.800 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*

c) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de París:*

- *1.800 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
- *9.300 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
- *9.300 prazas para o ano 2020 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*

d) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de Sevilla:*

- *4.400 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
- *4.400 prazas para o ano 2020 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*

e) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa Cidade de Valencia:*

- *4.200 prazas para o ano 2018 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
- *13.000 prazas para o ano 2019 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*
- *13.100 prazas para o ano 2020 con orixe fóra da Cidade de Vigo (departure seats)*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Este contrato formalizouse o 16 de xullo de 2018, iniciándose a prestación ao día seguinte.

Terceiro.– A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de xullo de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“1º. – Denegar a solicitude de suspensión do contrato de promoción turística do destino Vigo 2018–2020 (expediente 7.087–104), solicitada por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U., en escrito de data 25 de maio de



Concello de Vigo

2020, por non concorrer as circunstancias esixidas no artigo 34.1 do RD-L 8/2020.

2º.- Recoñecer a imposibilidade de execución do citado contrato como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19, e ampliar o prazo execución do contrato por un período igual ó tempo perdido polos motivos mencionados, condicionado a que cesen as circunstancias que determinan esta imposibilidade e acredite que está en condicións de reanudar a execución do contrato, previo informe favorable do responsable do mesmo.

3º.- Aceptar a renuncia a indemnización de danos e prexuízos formulada por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U.”

Cuarto.– En data 29 de outubro de 2021 Air Nostrum presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Documento nº 210218991) solicitude de reanudación da execución do contrato, a partir do día 17 de decembro de 2021 por un período de nove meses e medio, ata o 30 de setembro de 2022. Esta solicitude se está tramitando no expediente 8025–104. Neste mesmo escrito insta a modificación do contrato. Por unha banda solicita a substitución do voo de París por voos a dous destinos nacionais, Palma de Mallorca e Málaga. E por outra a de as accións de promoción relativas a publicidade nos cabeceiros a publicación dun artigo na revista de a bordo, en ambos casos por recomendacións sanitarias (Directrices emitidas pola Organización de Aviación Civil Internacional e autoridades sanitarias de UE e a Dirección xeral de aviación civil) que propón substituír polos servizos de promoción turística no interior das aeronaves, estendendo no tempo os servizos das voces a bordo, a utilización dos compartimentos de equipaxe como espazos publicitarios e os elementos de maiordomía. Este escrito foi ampliado cun escrito complementario (Documento nº 210232580) presentado no Rexistro Xeral o día 17 de novembro.

Quinto.– Con data do 29 de outubro de 2021, a xefa do Servizo de Turismo, coa conformidade da concelleira delegada, informa favorablemente tanto a reanudación da execución como a modificación deste contrato. Este informe é completado en data 18 de novembro de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

Este contrato, de natureza administrativa, cualifícase como administrativo especial na cláusula 2 do PCAP.

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a legislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), no que non se opoña á LCSP. O contrato de promoción turística de cidade de Vigo 2018-2020 (expediente 7.087-104) adxudicouse a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.U., por acordo da Xunta de Goberno local do 4 de xuño de 2018.

-II-

Da modificación dos contratos

A legislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).



Concello de Vigo

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación contempla a modificación do contrato na cláusula 34 nos seguintes termos:

1.– O Órgano de Contratación só poderá modificar o contrato no caso de que así se teña especificado neste prego de conformidade co disposto no artigo 204 da LCSP ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 205 da LCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación, consonte ao procedemento previsto no artigo 207 da LCSP. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 191, 203, 206 e 207.

2.– O órgano de contratación, a solicitude do adxudicatario, poderá autorizar a substitución dunha ruta das ofertadas por outra a un destino diferente dentro do mercado turístico mediterráneo peninsular ou insular, sempre e cando concorran factores que lastren de xeito directo a competitividade e a promoción de Vigo como destino turístico, tales como:

- Unha ocupación media mensual (load factor) inferior ao 50 % durante tres meses consecutivos.
- Que xurdan novas oportunidades de promoción de Vigo como destino no mercado turístico mediterráneo peninsular ou insular obxecto da licitación que non foran ofertados inicialmente.
- Circunstancias alleas ao contratista e xustificadas que aconsellen a substitución de rutas.
- Apertura de rutas en competencia directa coas orixes en calquera dos aeroportos de Eurorexión Galicia–Norte de Portugal.

O adxudicatario deberá acreditar fehacientemente coa súa solicitude a concorrencia destas circunstancias.

Será requisito imprescindible para autorizar a substitución de rutas que se manteña o número de prazas ofertado e que o cambio non supere o 40% do número de prazas dos destinos ofertados.

3.– As modificacións previstas no apartado 2 desta cláusula non terán repercusión sobre o prezo do contrato”.

AIR NOSTRUM solicita:

- A substitución do voo de París por voos a dous destinos nacionais, Palma de Mallorca e Málaga, que é un suposto previsto na citada cláusula.
- A substitución das accións de promoción relativas a publicidade nos cabeceiros a publicación dun artigo na revista de a bordo, polos servizos de promoción turística no interior das aeronaves, estendendo no tempo os servizos das voces a bordo, a utilización dos compartimentos de equipaxe como espazos publicitarios e os elementos de maiordomía. En ambos casos argumenta que por recomendacións sanitarias (Directrices emitidas pola Organización de Aviación Civil Internacional e autoridades sanitarias de UE e a Dirección xeral de aviación civil). Neste caso trátase dunha modificación non prevista, polo que cómpre analizar se encaixa nos supostos de modificacións non previstas contemplados no artigo 205 da LCSP.

1.- **Modificacións previstas no PCAP (cláusula 34)**

Comezaremos por analizar a **modificación prevista**. Informa ao respecto o servizo xestor que:

“De acordo coa certificación de Xunta de Goberno do 17 de xullo de 2020 que adopta o acordo de AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO 2018–2020 COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID–19. EXPTE. 6483/24, as operacións pendentes de execución son as seguintes:

- *O destino Valencia restan por operar 202 voos, que suman un total de 20.200 prazas.*
- *O destino París restan por operar 186 voos, que suman un total de 18.600 prazas.*
- *O destino Sevilla restan por operar 88 voos, que suman un total de 8.800 prazas”*

Segundo a proposta da compañía existen dous tipos de modificacións previstas:

a) OPERACIÓNS AÉREAS

O NÚMERO DE VOOS E PRAZAS propostas pola compañía é o seguinte:



Concello de Vigo

- *Destino Valencia: Operar 244 vuelos, que suman un total de 24.400 prazas, sendo 12.200 prazas con orixe fora da cidade de Vigo (departure seats)*
- *Destino Sevilla: Operar 70 vuelos, que suman un total de 7.000 prazas, sendo 3.500 prazas con orixe fora da cidade de Vigo (departure seats)*
- *Destino Málaga: Operar 70 vuelos, que suman un total de 7.000 prazas, sendo 3.500 prazas con orixe fora da cidade de Vigo (departure seats)*
- *Destino Mallorca: Operar 92 vuelos, que suman un total de 9.200 prazas, sendo 4.600 prazas con orixe fora da cidade de Vigo (departure seats)*

O PROGRAMA DE VOOS propostas pola compañía é o seguinte:

– Destino Valencia:

- *3 frecuencias semanales en el periodo de navidad 2021/2022: desde el 17 de diciembre de 2021 hasta el 9 de enero de 2022.*
- *2 frecuencias semanales desde febrero hasta mayo de 2022.*
- *3 frecuencias semanales en junio de 2022.*
- *4 frecuencias semanales en julio de 2022 (1-21 julio)*
- *6 frecuencias semanales en período peak de agosto (22 jul-4 sep) de 2022*
- *4 frecuencias semanales en septiembre de 2022 (5-30 sep).*

– Destino Sevilla:

- *2 frecuencias semanales de junio a septiembre de 2022.*

– Destino Málaga:

- *2 frecuencias semanales de junio a septiembre de 2022.*

– Destino Mallorca:

- *6 frecuencias semanales en el periodo de navidad 2021/2022: desde el 17 de diciembre de 2021 hasta el 9 de enero de 2022.*
- *2 frecuencias semanales de marzo a abril de 2022.*
- *3 frecuencias semanales desde el 1 de mayo hasta el 20 de junio de 2022."*

A proposta da compañía contempla a mesma operatividade, sendo esta de 476 voos, mesmo número de voos pendentes de execución, polo que se cumpre co requisito imprescindible, establecido nos Pregos Administrativos, para autorizar a substitución de rutas que se manteña o número de prazas ofertado.

Así mesmo o cambio proposto non supera o 40 % do número de prazas dos destinos xa que o número total de prazas ofertadas con orixe fora da cidade de Vigo (departure seats) do contrato é de 61.300 e o cambio proposto é de 23.800 prazas ofertadas con orixe fora da cidade de Vigo (departure seats) o que supón o 38,82% do contrato.

b) RUTAS

As rutas propostas a operar pola compañía, son as conectividades de VIGO con VALENCIA, SEVILLA, MÁLAGA e MALLORCA.

Neste senso se propón manter as rutas con VALENCIA e SEVILLA e substituír o destino internacional PARÍS polos destinos nacionais de MÁLAGA e MALLORCA. Segundo o establecido na cláusula 34 do PCAP, se poderá autorizar a substitución dunha ruta das ofertadas por outra a un destino diferente dentro do mercado turístico mediterráneo peninsular ou insular, sempre e cando concorran factores que lastren de maneira directa a competitividade e a promoción de Vigo como destino turístico.

A proposta de substitución das rutas da compañía, supón unha nova oportunidade de promoción de Vigo como destino no mercado turístico mediterráneo peninsular e insular.

Os destinos Málaga e Mallorca considéranse mercados turísticos mediterráneo peninsular e territorio insular de alcance internacional. O destino Málaga pecha o ano 2019 cun rexistro de 2,7 millóns de pernoctas, segundo datos do INE, pola súa banda o destino Mallorca segundo o INE as Illas Baleares pecharon o ano 2019 con record histórico de turistas que sumaron 16,45 millóns, datos que avalan ditos destinos como mercados turísticos.

Así mesmo, o cambio proposto incrementa as oportunidades de promoción turística no mercado interior acorde cos movementos turísticos actuais, xa que ruta Vigo-París está a sufrir unha forte competencia, na actualidade xurdiron novas aperturas de rutas, en competencia directa co aeroporto de Vigo, no



Concello de Vigo

aeroporto de Oporto. A ruta Oporto–Paris é operada polo menos por seis compañías, entre elas Ryanair, Transavia, Air France e a Tap Air Portugal.

De acordo coa cláusula 34 do PCAP pola que o adxudicatario debe acreditar fehacientemente na súa solicitude, a concurrencia destas circunstancias, a compañía Air Nostrum no informe complementario de data 17.11.21 declara responsablemente e acredita fehacientemente a existencia de voos directos entre Oporto Paris con ditas compañías”.

Analizaremos a continuación se a modificación proposta cumpre cos requisitos esixidos no PCAP:

1. Substitución dunha ruta das ofertadas por outra a un destino diferente dentro do mercado turístico mediterráneo peninsular ou insular

Circunstancia que concorre nos vos propostos para substituír o de Paris. Tanto Palma de Mallorca como Málaga pertencen ao mercado turístico mediterráneo, a primeira ao insular e a segunda ao peninsular.

2. Concorrenza de factores que lastren de xeito directo a competitividade e a promoción de Vigo como destino turístico

Entre estes factores atópase a *“Apertura de rutas en competencia directa coas orixes en calquera dos aeroportos de Eurorexión Galicia–Norte de Portugal”*, que é o factor alegado neste caso. Informa ao respecto a responsable do contrato que *“A proposta de substitución das rutas da compañía, supón unha nova oportunidade de promoción de Vigo como destino no mercado turístico mediterráneo peninsular e insular. Así mesmo incrementa as oportunidades de promoción turística no mercado interior acorde cos movementos turísticos actuais, xa que ruta Vigo–Paris está a sufrir unha competencia moi forte, na actualidade xurdiron novas aperturas de rutas, en competencia directa co aeroporto de Vigo, no aeroporto de Oporto, no mes de setembro a ruta Oporto–Paris é operada polo menos por seis compañías, entre elas Ryanair, Vueling, Transavia, Easyjet, Air France e a Tap, isto supón un factor que lastra de xeito directo a competitividade e a promoción de Vigo como destino turístico, de acordo co disposto na cláusula 34.2 do PCAD.”*

- 3.

Que se manteña o número de prazas ofertado e que o cambio non supere o 40% do número de prazas dos destinos ofertados

Informa ao respecto a responsable do contrato que *"A proposta da compañía contempla a mesma operatividade, sendo esta de 476 voos, mesmo número de voos pendentes de execución, polo que se cumpre co requisito imprescindible, establecido nos Pregos Administrativos, para autorizar a substitución de rutas que se manteña o número de prazas ofertado"* .

Con respecto ao requisito de que o cambio non afecte ao 40% do número de prazas ofertadas informa o servizo xestor que: *"Así mesmo o cambio proposto non supera o 40 % do número de prazas dos destinos xa que o numero total de prazas ofertadas con orixe fora da cidade de Vigo (departure seats) do contrato é de 61.300 e o cambio proposto é de 23.800 prazas ofertadas con orixe fora da cidade de Vigo (departure seats) o que supón o 38,82% do contrato"* .

4. As modificacións previstas non terán repercusión sobre o prezo do contrato
Tal e como se pode apreciar tanto na solicitude do contratista como no informe do servizo xestor esta modificación non implica custe económico.
5. O adxudicatario deberá acreditar fehacientemente coa súa solicitude a concorrencia destas circunstancias

Efectivamente, AIR NOSTRUM, no escrito complementario de 17 de novembro axunta documentación que acredita os extremos alegados en xustificación da modificación proposta.

2.- Modificacións non previstas no PCAP

En relación ás modificacións non previstas no PCAP, establece o citado artigo 205 que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.



Concello de Vigo

Segundo o apartado 2 do mesmo artigo, os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:

- a) Cando deviera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os dous requisitos contemplados na LCSP
- b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
 - 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
 - 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
 - 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.
- c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Nestes supostos as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 206 da LCSP).

Á vista do previsto no artigo 205 da LCSP, a modificación obxecto deste informe ten encaixe no apartado 2b "*Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato*".

En efecto, o informe emitido pola xefa do Servizo de Turismo o 18 de novembro de 2021 motiva a necesidade de modificar as accións de promoción citadas pola aplicación das medidas sanitarias aprobadas para paliar os efectos do COVID-19. Efectivamente informa que:

"En canto ás prestacións de servizos promocionais, a compañía, propón recuperar a práctica totalidade das actuacións pendentes de execución, coa

salvedade das prestacións que están directamente afectadas polas recomendacións da Organización de Aviación Civil Internacional (OACI), pola Dirección da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e pola normativa nacional no ámbito sanitario que se detallan:

- *Resolución do 21 de xuño de 2021, da Dirección da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, pola que se actualizan as Directrices operativas para a xestión de pasaxeiros aéreos e persoal de aviación con relación á pandemia COVID-19 (actualiza a Resolución do 9 de xullo de 2020, da Dirección da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, pola que se publican as Directrices operativas para a xestión de pasaxeiros aéreos e persoal de aviación con relación á pandemia COVID-19). Esta resolución é aplicable aos xestores dos aeroportos situados no territorio nacional; as compañías aéreas que operen nos devanditos aeroportos, incluídas as que realicen operacións de aerotaxi, e quen realice operacións de aviación xeral; os pasaxeiros que transiten por estas infraestruturas; e as empresas que desenvolvan servizos auxiliares no aeroporto así como, en xeral, todo o persoal que interveña na realización das operacións aéreas en orde a minimizar o risco de contaxio do SARS-CoV-2 no transporte aéreo.*

Estas directrices inclúen todas as referencias normativas de aplicación na actualidade e desde o inicio da crises sanitaria, tanto a nivel europeo como a nivel nacional.

– Referencias de la Unión Europea:

- *EASA ECDC COVID-19 Aviation Health Safety Protocol. Operational Guidelines for the management of air passengers and aviation personnel in relation to the COVID-19 pandemic. Issue no: 3. Issue date: 17/06/2021.*
- *Guidelines for the continued granting of exemptions in accordance with Article 71 of Regulation (EU) 2018/1139 (The Basic Regulation) to aircrew as per Regulation (EU) No 1178/2011, Regulation (EU) 2018/395 and Regulation (EU) 2018/1976.*

– Referencias nacionais:



Concello de Vigo

Real Decreto-ley 26/2020, de 7 de julio, de medidas de reactivación económica para hacer frente al impacto del COVID-19 en los ámbitos de transportes y vivienda.

Resolución de 17 de diciembre de 2020, de la Dirección de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea, por la que se actualizan las Directrices operativas para la gestión de pasajeros aéreos y personal de aviación con relación a la pandemia COVID-19.

Real Decreto-ley 35/2020, de 22 de diciembre, de medidas urgentes de apoyo al sector turístico, la hostelería y el comercio y en materia tributaria.- Ley 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urgentes de prevención, contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

Real Decreto-ley 8/2021, de 4 de mayo, por el que se adoptan medidas urgentes en el orden sanitario, social y jurisdiccional, a aplicar tras la finalización de la vigencia del estado de alarma declarado por el Real Decreto 926/2020, de 25 de octubre, por el que se declara el estado de alarma para contener la propagación de infecciones causadas por el SARS-CoV-2.

- Resoluciones da Dirección Xeral de Saúde Pública:

- Resolución de 4 de junio de 2021, de la Dirección General de Salud Pública, relativa a los controles sanitarios a realizar en los puntos de entrada de España.*
- Resolución de 8 de junio de 2021, de la Dirección General de Salud Pública, por la que se modifica la de 4 de junio de 2021, relativa a los controles sanitarios a realizar en los puntos de entrada de España.*

En relación cos antecedentes descritos, o capítulo terceiro da Resolución do 21 de xuño da Dirección da Axencia Estatal de Seguridade Aérea establece unhas "Normas de obrigado cumprimento" que establecen, entre outras as obrigas dos xestores aeroportuarios e das compañías aéreas e outros operadores de aeronaves que operen en calquera aeroporto aberto ao tráfico civil situado en territorio español deberán e que deberán:

a) En relación coa instalación de dispositivos de protección, limpeza e hixiene e outras medidas a bordo:

i) Adoptar as medidas de limpeza e desinfección recomendadas por EASA/ ECDC dos elementos de contacto que sexan responsabilidade do operador da aeronave, así como a bordo da aeronave, durante todos os procesos dos que son responsables.

v) Establecer os protocolos para minimizar o contacto das tripulacións e pasaxeiros, tendo en conta, entre outros, o uso exclusivo de aseos cando sexa posible, medidas de limpeza e desinfección adecuadas, etc.

ix) Levar a cabo as actuacións adecuadas de limpeza e desinfección da aeronave tras a detección de pasaxeiros con síntomas a bordo, de acordo coas guías EASA/ ECDC.

x) Reducir o servizo a bordo, tanto como sexa posible, en función da duración da viaxe co obxectivo de limitar a exposición a contacto dos pasaxeiros coa tripulación.

c) En relación coa información subministrada aos pasaxeiros e persoal que presta servizo nos aeroportos:

ii) Informar os pasaxeiros, a través das canles adecuadas...

iii) Informar de maneira continuada, a través de material informativo...

iv) Informar ao pasaxeiro sobre a necesidade de adherirse en todo momento ás medidas sanitarias que lles sexan indicadas, sinalando os efectos de non cumprir esta obrigaón.

v) Informar sobre a obrigatoriedade do uso de máscaras quirúrxicas ou de protección superior....

As principais medidas de seguridade poscovid implementadas polas aerolíneas baseadas na normativa citada son, entre outras, as seguintes:

- Para limitar o contacto e, por tanto, os riscos, simplificouse o servizo a bordo, e as aerolíneas suprimiron a venda a bordo.*
- Pola mesma razón foi eliminada tamén a distribución a bordo de revistas e prensas en papel.*



Concello de Vigo

De acordo co exposto, establece a compañía no seu escrito de data 17.11.2021:

"Además, y conforme se ha expuesto al inicio de esta CONSIDERACIÓN para mitigar el riesgo de transmisión del COVID-19 en el ámbito PRIMERA, la actualización de las Directrices higiénico-sanitarias y de control aeroportuario y en el sector de la aviación comercial en general está en El capítulo tercero "Normas de obligado cumplimiento", apartado 2) continua actualización.

En este sentido con fecha de hoy, 16 de noviembre de 2021, se ha publicado en el Boletín Oficial del Estado la Resolución de 2 de noviembre de 2021, de la Dirección de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea, por la que aéreos y personal de aviación con relación a la pandemia COVID-19. Se adjunta copia de la Resolución como DOCUMENTO NÚMERO 2.

Esta Resolución ratifica las normas de obligado cumplimiento de las Directrices Operativas. En especial mantienen su vigencia las normas transcritas en este Informe, conforme se acredita tras la lectura de las páginas 141094 y siguientes, BOE Núm. 274, de la Resolución.

En esta misma línea de actuación y en cumplimiento de esta normativa, tanto AIR NOSTRUM como, por ejemplo, IBERIA, han suprimido la venta a bordo, las revistas de compañía, la prensa y los catálogos. En adición a la normativa referenciada, se adjunta, como DOCUMENTO NÚMERO 3, la comunicación de GRUPO emitida en el mes de mayo de 2020, cuando se preparó el reinicio de operaciones en el GRUPO IBERIA de manera muy gradual y siempre atendiendo las obligaciones impuestas durante el estado se suprimen las revistas: "(...) para reducir el contacto y, por lo tanto, los ejecutarse tras la reanudación de los servicios, si bien es cierto que esta riesgos, hemos simplificado el servicio a bordo, y hemos suprimido la venta a bordo, nuestras revistas y catálogos".

Es por ello por lo que la publicación de un artículo en la revista de a bordo se ve afectada por esta normativa y por tanto no podrá prestación se verá permutada o sustituida por otra para mantener el equilibrio económico del contrato. de alarma. Al final, en el punto de Servicio a bordo indica expresamente que se actualizan las Directrices operativas para la gestión de pasajeros

Por otro lado, las compañías aéreas y en especial y atendiendo al caso que nos ocupa, AIR NOSTRUM, está utilizando el espacio publicitario de los cabezales de los asientos de la cabina de pasajeros para cumplir con medidas preventivas a bordo de la aeronave. Este espacio publicitario, portanto, no se puede ofertar a terceros en tanto en cuanto las normas de AESA mantengan su vigencia.

En este punto y al igual que ocurre con el asunto anteriormente tratado, la publicidad en los cabecales se ve afectada por esta normativa y por tanto no podrá ejecutarse tras la reanudación de los servicios, si bien es cierto que esta prestación se verá permutada o sustituida por otra para mantener el equilibrio económico del contrato."

Por todo lo expuesto a propuesta da compañía substitúe a utilización dos cabeceiros dos asentos, (un mes pendente de execución) e a publicación dunha reportaxe na revista a bordo, pola utilización de voces de promoción en voos entre os meses de xaneiro a marzo, a utilización dos compartimentos de equipaxe entre os meses de xaneiro a marzo e a utilización dos elementos de maioría, entre os meses de xaneiro a marzo.

Esta modificación proposta pola compañía cumpre coas condicións establecidas no artigo 205.2.b. da LCSP, xa que a modificación se deriva dunha circunstancia imposible de prever, que é a crise sanitaria xerada polo Covid 19.

Respecto á natureza global do contrato, segundo o artigo 204 da LCSP "Modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares" establece no punto 2 " En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual." se entende que non se altera a natureza do contrato xa que substitúe os servizos de promoción por outros que xa se estaban a desenvolver no contrato.

*En canto á valoración económica resultante da proposta é de 1.368.554,00 €, sendo a facturación pendente de execución o importe de 861.442,31 € máis o IVE, facendo un total de 1.042.345,19 €, que se cargará á **aplicación orzamentaria 43202279902 "Promoción turística destinos rutas aéreas"**, polo que a proposta de execución das accións promocionais responden sobradamente á execución pendente, si ben cabe destacar que la compañía aplica un desconto comercial do que resulta a invariabilidade do prezo do contrato.*

A proposta das prestacións promocionais para reanudar o contrato, se amplía no informe complementario á solicitude de data 17.11.21, sendo esta a seguinte:



Concello de Vigo

" Vinilado de fuselajes:

– *Ámbito temporal: 9.5 meses: del 17 de dic.2021 al 30 de sep2022*

– *Núm. de unidades: 2 aviones*

– *Precio unitario: 29.166,00€ IVA excl. /mes*

– *Total: 554.154,00€ IVA excl.*

Nota: Durante 9 meses y medio, 2 aviones de la flota de Air Nostrum publicitarán en el fuselaje exterior de cada avión el mensaje y/o las imágenes convenidas con el Concello de Vigo.

Voces de promoción en vuelo:

– *Ámbito temporal: 3 meses: del 1 de enero al 31 de marzo 2022*

– *Núm. de unidades: 12.540 vuelos*

– *Precio unitario: 12,00€ IVA excl. /vuelo*

– *Total: 150.480,00€ IVA excl.*

Nota: Durante 3 meses, en todos los vuelos de la red regular de Air Nostrum, tanto vuelos nacionales como internacionales, se difundirá el mensaje de voz convenido con el Concello de Vigo

Utilización de elementos de maiordomía

– *Ámbito temporal: 3 meses: del 1 de enero al 31 de marzo de 2022*

– *Núm. de unidades: 12.540 vuelos*

– *Precio unitario: 15,00€ IVA excl. /vuelo*

– *Total: 188.100,00€ IVA excl.*

Nota: Durante 3 meses, en todos los vuelos de la red regular de Air Nostrum, tanto vuelos nacionales como internacionales, se promocionará en los elementos de ma-

yordomía –posavasos, toallitas refrescantes, manteles, etc.– el mensaje o imagen convenido con el Concello de Vigo.

Utilización de los compartimentos de equipaje:

– Ámbito temporal: 3 meses: del 1 de enero al 31 de marzo de 2022

– Núm. de unidades: 12.540 vuelos

– Precio unitario: 33,00€ IVA excl. /vuelo

– Total: 413.820,00€ IVA excl.

Nota: Durante 3 meses, en todos los aviones y por tanto en todos los vuelos de la red regular de Air Nostrum, tantos vuelos nacionales como internacionales, se vinilarán los racks o compartimentos de equipaje de los aviones con el mensaje o imagen convenido con el Concello de Vigo.

Publicidad a través de banners en la página Web de Air Nostrum:

–Ámbito temporal: 9,5 meses: del 17 de dic.2021 al 30 de sep.2022

– Núm. de unidades: 9,5 meses

– Precio unitario: 6.000,00€ IVA excl. /mes

– Total: 57.000,00€ IVA excl.

Nota: Durante 9 meses y medio, en la página Web de Air Nostrum aparecerá un banner rotatorio con las imágenes y accesos convenidos con el Concello de Vigo.

Utilización de redes sociales

– Ámbito temporal:9,5 meses: del 17 de dic.2021 al 30 de sep.2022

– Núm. de unidades: 10 impactos en Instagram o Twitter.

– Precio unitario: 500,00€ IVA excl. /impacto

– Total: 5.000,00€ IVA excl.



Concello de Vigo

Nota: A lo largo de los 9 meses y medio de vigencia se publicarán en redes sociales un total de 10 publicaciones relacionadas con el objeto del contrato.

Otras prestaciones con coste económico de cero euros (0,00€):

-Enlace en la página de turismodevigo.org:

Sin coste, se ofertó como mejora y se mantendrá durante los 9,5 meses de vigencia del contrato.

-Envío de newsletters on-line:

-1 envío en 2022, durante la vigencia del contrato.

-Rueda de Prensa y Nota de Prensa:

1 rueda de prensa y 1 nota de prensa durante la vigencia del contrato."

Recapitulando, concurren en esta modificación los requisitos exigidos en el artículo 205 de la LCSP:

1. A necesidade da modificación derívase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever:

A nova situación xerada polo COVID-19 constitúe unha circunstancia sobrevenida e imprevisible que no momento no que tivo lugar a licitación do contrato non se puido prever e que supuxo primeiro a suspensión do contrato e despois a solicitude dun cambio de algunhas das accións de promoción previstas imposibles de executar na actualidade por mor da normativa sanitaria aprobada.

2. A modificación non altera a natureza global do contrato:

A substitución dunhas accións de promoción por outras non altera a natureza global do contrato, tal e como consta no informe do servizo xestor: "*substitúe*

os servizos de promoción por outros que xa se estaban a desenvolver no contrato”.

3. A modificación do contrato non implica unha alteración na súa contía (artigo 206 da LCSP)

Tal e como se aprecia na documentación achegada polo contratista e consta no informe do servizo xestor, esta modificación non implica custe para o concello.

-III-

Procedemento para a modificación do contrato

En canto ao procedemento para o exercicio da potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, o artigo 191 da LCSP esixe:

- A previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP). No entanto, no presente caso, a modificación é proposta polo contratista e a administración non propón ningún cambio con respecto a esta proposta. En consecuencia, non é necesaria a realización deste trámite conforme ao artigo 82.4 da LPAC, que determina que *“4. Se podrá prescindir del trámite de audiencia cuando no figuren en el procedimiento ni sean tenidos en cuenta en la resolución otros hechos ni otras alegaciones y pruebas que las aducidas por el interesado”*.
- O informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP). No caso que nos ocupa non resulta necesario solicitar o informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse



Concello de Vigo

en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación sen custe económico non procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de

reposición, no prazo dun mes.

Así mesmo poderá ser impugnado na vía xurisdiccional contencioso–administrativa, interpoñendo recurso contencioso–administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, conforme á Lei 29/ 1998, do 13 de xullo.

–VII–

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

–VIII–

Acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.– Modificar o contrato da promoción turística do destino Vigo 2018–2020 (7.087–104), polas razóns expostas no fundamento xurídico II deste informe. As modificacións consisten:

- a) *Na substitución das accións de promoción de publicidade nos cabeceiros e publicación dun artigo na revista de a bordo, polas seguintes accións promocionais:*
 - *Utilización de voces a bordo por un período de dous meses (de xaneiro a marzo de 2022).*
 - *Utilización dos compartimentos de equipaxe por un período dous meses (de xaneiro a marzo de 2022).*
 - *Utilización dos elementos de maiordomía por un período de dous meses (de xaneiro a marzo de 2022).*
- b) *Substituíranse as operacións pendentes de execución (202 voos co destino Valencia, que suman un total de 20.200 prazas; 186 voos co destino Paris, que suman un total de 18.600 prazas; 88 voos co destino*



Concello de Vigo

Sevilla, que suman un total de 8.800 prazas), polas seguintes operacións en catro destinos, reemprazando o voo de París por voos a Málaga e Mallorca:

- *Destino Valencia: 244 voos, que suman un total de 24.400 prazas*
- *Destino Sevilla: 70 voos, que suman un total de 7.000 prazas*
- *Destino Málaga: 70 voos, que suman un total de 7.000 prazas*
- *Destino Mallorca: 92 voos, que suman un total de 9.200 prazas"*

2º.- A modificación non implica custe económico, polo que non procede o reaxuste das garantías definitivas depositadas polos contratistas".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez